

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e un de marzo do ano dous mil catorce, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández, en substitución do titular, don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Antonio Montero Fernández, don Emilio José Pazos Ojea, don José Manuel Freire Couto, don Francisco Rodríguez Rodríguez e don Eladio Mangana Nóvoa os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 14 DE MARZO DE 2013.- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día catorce de marzo de dous mil catorce, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA DUNHA SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE MUÍÑOS PARA A REPARACIÓN DE DANOS OCASIONADOS POLO TEMPORAL ACAECIDO EN MUÍÑOS O 11 DE DECEMBRO DE 2013 NA CUBERTA DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL.- Con data 20 de marzo de 2014, o Sr. Presidente ditou a seguinte providencia, da que se dá conta:

Con data 9 de xaneiro de 2014, o alcalde de Muíños formulou unha solicitude de concesión dunha subvención, con carácter urxente e por importe de 15.730 euros, con destino ó arranxo da cuberta do campo municipal de fútbol e reparación dos danos no pavillón polideportivo municipal ocasionados como consecuencia do temporal que afectou ó municipio de Muíños o día 11 de decembro de 2013.

Con data 12 de marzo de 2014 tivo entrada no rexistro xeral de documentos da Deputación, como complemento da solicitude anterior, memoria técnica valorada das obras de reparación de danos causados polo temporal na cuberta do campo de fútbol municipal de Muíños, redactada pola arquitecta municipal e cun orzamento en execución por contrata de 15.730 euros. Na dita memoria non se inclúen actuacións no pavillón polideportivo

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

municipal.

De conformidade co establecido no artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 285, de 13 de decembro de 2013) a concesión directa de subvencións que non teñan carácter nominativo só procederá cando existan razón de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas, que impidan a súa convocatoria pública ou a súa concesión como subvencións nominativas. A norma sinala tamén que o procedemento de concesión se iniciará de oficio, trala previa constatación da concorrencia das circunstancias habilitantes da concesión directa, correspondéndolle á Presidencia a providencia de inicio do expediente.

En consecuencia, o inicio do procedemento esixe constatar que concorre causa xustificativa que impida tanto a convocatoria pública da subvención como a súa tramitación como subvención nominativa, aspectos que deben constatare por esta Presidencia para a incoación do expediente. No caso de non apreciarse a concorrencia das ditas circunstancias, a solicitude terá o tratamento dunha solicitude no exercicio do dereito de petición previsto no artigo 29 da Constitución.

No caso que nos ocupa, a memoria valorada presentada xustifica a urxente necesidade de proceder á reparación polo perigo que pode ocasionar que sigan caendo os materiais soltos da formación da cuberta, producindo danos en persoas e bens, así como polos danos que se causan no interior do edificio, tanto nas instalacións eléctricas como nos acabados.

Sendo evidente a urxencia das obras polas razóns sinaladas, para acreditar a concorrencia da imposibilidade de agardar á concesión da subvención polos procedementos de convocatoria pública ou subvención nominativa debe terse en conta o carácter imprevisible das obras – ó seren provocadas por un temporal – o que, segundo manifestación do alcalde ante esta Presidencia, impediu establecer as previsións orzamentarias oportunas. Deste xeito, non é posible a contratación das obras polo Concello en curto prazo, ata dispor da subvención, o que fai urxente a necesidade de dispoñer da concesión nun prazo breve, co fin de poder xerar crédito no orzamento municipal. Non existe no momento actual ningunha convocatoria pública de subvencións da Deputación a través da cal se poida conceder unha subvención como a solicitada, e a concesión como subvención nominativa podería adiarse cando menos un mes e medio ou dous meses – ó ser

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

preciso modificar previamente os orzamentos da Deputación, o que inclúe un trámite de información pública por quince días hábiles.

Polo exposto, considérase acreditada a concorrencia de razóns de interese público que, no momento actual, impiden a concesión da subvención mediante procedementos de convocatoria pública ou como subvención nominativa, procedendo a iniciación do procedemento.

Doutra banda, constando a solicitude do órgano municipal competente e unha memoria técnica valorada que define as actuacións obxecto de subvención, así como a existencia de crédito orzamentaria adecuado e suficiente para a concesión da subvención, a única documentación precisa para completar a instrución do expediente sería a incorporación de declaración responsable, subscrita pola alcaldía, de acharse ó corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social e de non incorrer en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

En consecuencia, e no uso das atribucións que me confire o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, DISPOÑO:

1º) Iniciar expediente de concesión de subvención directa ó Concello de Muíños, para a seguinte subvención:

- Importe: 15.730 euros

- Finalidade: reparación dos danos causados polo temporal na cuberta do campo de fútbol municipal de Muíños, como consecuencia do temporal do 11 de decembro de 2013, segundo a memoria valorada elaborada pola arquitecta municipal e presentada ante esta Deputación con data 12 de marzo de 2014.

2º) Propoñerlle á Xunta de Goberno a concesión de subvención directa, por razón de interese público, co seguinte contido:

Beneficiario: Concello de Muíños

Importe: 15.730 euros

Obxecto: reparación dos danos causados polo temporal na cuberta do campo de fútbol municipal de Muíños, como consecuencia do temporal do 11 de decembro de 2013, segundo a memoria valorada elaborada pola arquitecta municipal e presentada ante esta Deputación con data 12 de marzo de 2014.

Condicións: a concesión da subvención queda condicionada á presentación de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

declaración responsable subscrita pola alcaldía acreditativa de que o concello está ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non incorre en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións establecidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

Xustificación: a subvención deberá xustificarse mediante conta xustificativa simplificada, integrada polos seguintes documentos:

- Certificación da obra executada, expedida polo director facultativo das obras, á que se unirá a correspondente relación valorada e as facturas, en orixinal ou duplicado.*
- Certificación do acordo de aprobación da certificación ou certificacións de obras, adoptado polo órgano municipal competente.*

A xustificación deberá presentarse antes do 1 de agosto de 2014, sen prexuízo da posibilidade de prórroga do prazo de xustificación, por causas de forza maior. En ningún caso poderá ser obxecto de prórroga un prazo xa vencido.

Unha vez vista a proposta, e tendo en conta que por parte do Concello se achegou xa a declaración responsable que faltaba por incorporar ó expediente, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda**:

- Concederlle ó Concello de Muíños unha subvención directa, por razón de interese público, co seguinte contido:

Beneficiario: Concello de Muíños

Importe: 15.730 euros

Obxecto: reparación dos danos causados polo temporal na cuberta do campo de fútbol municipal de Muíños, como consecuencia do temporal do 11 de decembro de 2013, segundo a memoria valorada elaborada pola arquitecta municipal e presentada ante esta Deputación con data 12 de marzo de 2014.

Xustificación: a subvención deberá xustificarse mediante conta xustificativa simplificada, integrada polos seguintes documentos:

- Certificación da obra executada, expedida polo director facultativo das obras, á que se unirá a correspondente relación valorada e as facturas, en orixinal ou duplicado.*
- Certificación do acordo de aprobación da certificación ou certificacións de obras, adoptado polo órgano municipal competente.*

A xustificación deberá presentarse antes do 1 de agosto de 2014, sen prexuízo da

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

posibilidade de prórroga do prazo de xustificación, por causas de forza maior. En ningún caso poderá ser obxecto de prórroga un prazo xa vencido.

3.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA DUNHA SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE MUÍÑOS PARA A REPARACIÓN DE DANOS OCASIONADOS POLO TEMPORAL ACAECIDO EN MUÍÑOS O 11 DE DECEMBRO DE 2013 NAS INSTALACIÓNS DA ILUMINACIÓN PÚBLICA DE MUGUEIMES.

- Con data 9 de xaneiro de 2014, o alcalde de Muíños formulou unha solicitude de concesión dunha subvención, con carácter urxente e por importe de 17.300 euros, con destino á reparación de danos nas instalación da iluminación pública de Mugueimes, Couse de Salas e Outros, ocasionados como consecuencia do temporal que afectou ó municipio de Muíños o día 11 de decembro de 2013.

Con data 13 de marzo de 2014 tivo entrada no rexistro xeral de documentos da Deputación, como complemento da solicitude anterior, memoria técnica valorada das obras de reparación de danos causados na iluminación pública de Mugueimes, redactada pola arquitecta municipal e cun orzamento en execución por contrata de 17.300 euros. Na dita memoria non se inclúen actuacións na iluminación pública doutros núcleos de poboación do municipio.

De conformidade co establecido no artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 285, do 13 de decembro de 2013) a concesión directa de subvencións que non teñan carácter nominativo só procederá cando existan razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas, que impidan a súa convocatoria pública ou a súa concesión como subvencións nominativas. A norma sinala tamén que o procedemento de concesión se iniciará de oficio, trala previa constatación da concorrencia das circunstancias habilitantes da concesión directa, correspondéndolle á Presidencia a providencia de inicio do expediente.

En consecuencia, o inicio do procedemento esixe constatar que concorre causa xustificativa que impida tanto a convocatoria pública da subvención como a súa tramitación como subvención nominativa, aspectos que deben constatare por esta Presidencia para a incoación do expediente. No caso de non apreciarse a concorrencia das ditas circunstancias, a solicitude terá o tratamento dunha solicitude no exercicio do dereito de petición previsto no artigo 29 da Constitución.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

Mediante providencia do 25 de febreiro de 2014, esta Presidencia considerou que, en principio, e dados os termos da solicitude, cabía considerar a concorrencia de razón públicas xustificativas da tramitación da subvención pola vía do artigo 11 da Ordenanza, sen prexuízo do que resultase do estudo do expediente.

No caso que nos ocupa, a memoria valorada presentada con posterioridade ó inicio do expediente xustifica a urxente necesidade de proceder á reparación polo perigo que pode ocasionar que as persoas circulen polas rúas de Mugueimes sen iluminación pública, así como polos danos que se poden causar nas instalación eléctricas, que encarecerían a súa posterior reparación.

Sendo evidente a urxencia das obras polas razóns sinaladas, para acredita-la concorrencia da imposibilidade de agardar á concesión da subvención polos procedementos de convocatoria pública ou subvención nominativa debe terse en conta o carácter imprevisible das obras – ó seren provocadas por un temporal – o que, segundo manifestación do alcalde ante esta Presidencia, impidiu establecer as previsións orzamentarias oportunas. Deste xeito, non é posible a contratación das obras polo Concello en curto prazo, ata dispor da subvención, o que fai urxente a necesidade de dispoñer da concesión nun prazo breve, co fin de poder xerar crédito no orzamento municipal. Non existe no momento actual ningunha convocatoria pública de subvencións da Deputación a través da cal se poida conceder unha subvención como a solicitada, e a concesión como subvención nominativa podería adiarse cando menos un mes e medio ou dous meses – ó ser preciso modificar previamente os orzamentos da Deputación, o que inclúe un trámite de información pública por quince días hábiles.

Polo exposto, considérase acreditada a concorrencia de razóns de interese público que, no momento actual, impiden a concesión da subvención mediante procedementos de convocatoria pública ou como subvención nominativa, procedendo a iniciación do procedemento.

Sometido o expediente a fiscalización previa da Intervención, resulta que o crédito dispoñible para esta finalidade é de 14.270 euros.

Constando a solicitude do órgano municipal competente e unha memoria técnica valorada que define as actuacións obxecto de subvención, a única documentación precisa para completar a instrución do expediente sería a incorporación de declaración responsable,

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014

subscrita pola alcaldía, de acharse ó corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social e de non incorrer en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

En consecuencia, e no uso das atribucións que me confire o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Conceder, ó abeiro do artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, unha subvención directa, por razón de interese público, co seguinte contido:

Beneficiario: Concello de Muíños

Importe: 14.270 euros

Obxecto: reparación dos danos causados polo temporal nas instalacións da iluminación pública de Mugueimes, como consecuencia do temporal do 11 de decembro de 2013, segundo a memoria valorada elaborada pola arquitecta municipal e presentada ante esta Deputación con data 13 de marzo de 2014.

Condicións: a concesión da subvención queda condicionada á presentación de declaración responsable subscrita pola alcaldía acreditativa de que o concello está ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non incorre en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións establecidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

Xustificación: a subvención deberá xustificarse mediante conta xustificativa simplificada, integrada polos seguintes documentos:

- Certificación da obra executada, expedida polo director facultativo das obras, á que se unirá a correspondente relación valorada e as facturas, en orixinal ou duplicado.
- Certificación do acordo de aprobación da certificación ou certificacións de obras, adoptado polo órgano municipal competente.

A xustificación deberá presentarse antes do 1 de agosto de 2014, sen prexuízo da posibilidade de prórroga do prazo de xustificación, por causas de forza maior. En ningún caso poderá ser obxecto de prórroga un prazo xa vencido.

4.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO TERMALISMO

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

SAUDABLE E A CULTURA TERMAL NA PROVINCIA DE OURENSE, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.-

Os balnearios, tradicionalmente asociados a solucións terapéuticas dirixidas ao colectivo de persoas maiores, adquiriron, na última década, un novo concepto máis amplo, relacionado co coidado, coa saúde e o benestar.

As instalacións balnearias foron sensibles a este novo concepto, renovando as súas instalacións, especializando os seus profesionais e dotando aos establecementos de ofertas complementarias que provocaran a atracción de público diverso, adquirindo con isto unha posición económica na provincia de Ourense que os cualifica como motores realmente dinamizadores dos contornos onde se localizan.

A administración provincial non é allea e esta recuperación das terapias termais e á estreita relación existente entre ocio saudable e calidade de vida, nin tampouco á importancia que teñen as instalacións balnearias no xusto equilibrio entre instalacións hoteleiras e de saúde nos lugares onde están localizadas, cunha actividade económica e laboral baseada na explotación de recursos endóxeos sen perigo de deslocalización e onde o coñecemento e saber facer tradicional xera unha potencialidade de liderado empresarial deste sector que convén potenciar.

As liñas de actuación que agora se regulan, a través de subvencións, enmárcanse no proxecto “Ourense, provincia Termal”, onde, Xunta de Galicia e Deputación de Ourense, están a colaborar estreitamente na aposta pola riqueza termal desta provincia como unha das súas grandes fortalezas turísticas. Así, a Presidencia, de acordo cos establecementos balnearios da provincia de Ourense, decidiu poñer en marcha diferentes liñas de subvencións cun obxectivo concreto: desenvolver novos produtos que xeren fidelización e desestacionalización como elementos principais, ampliando o coñecemento e a importancia do sector para a provincia de Ourense.

Nas presentes bases defínense dúas liñas de subvención: unha primeira ten como obxectivo fomentar o uso dos servizos destes establecementos provinciais polas persoas adultas que superen os 50 anos de idade, na procura da incentivación da práctica do ocio saudable destas persoas, contribuíndo deste xeito a incrementar a súa calidade de vida e benestar, ao tempo que se incide no desenvolvemento e maior coñecemento do termalismo provincial, sector estratéxico económico e social para Ourense; e unha segunda liña para

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014

potenciar a cultura termal, nun afán de divulgar este concepto, facilitando o goce do sistema do benestar termal para todas as idades.

O establecemento destas dúas liñas de subvencións ten o seu encaixe competencial no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que lle atribúe á deputación a competencia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, respondendo ás previsións da liña c.5 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Ourense e do INORDE para o exercicio 2014 (BOP n.º 31, do 7 de febreiro de 2014), dentro da acción III do Plan de acción contemplado no apartado 5º 2.

Polo exposto, e unha vez visto o proxecto de bases elaborado pola Área de Benestar e supervisado pola Secretaría Xeral, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Aprobar as bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para o fomento do termalismo saudable e a cultura termal na provincia de Ourense correspondente ao exercicio 2014, co seguinte contido:

Primeira. Obxecto e beneficiarios.

1. Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación da concesión de subvencións destinadas ao fomento do ocio saudable nas instalacións balnearias da provincia de Ourense, mediante concorrencia non competitiva a través do procedemento previsto nos artigos 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 8 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 285, do 13 de decembro de 2013).

A concesión de axudas ás que se refire esta convocatoria realizarase de forma continua, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2. En concreto, a través do procedemento regulado nas presentes bases a Deputación Provincial de Ourense concederá subvencións baixo dúas modalidades diferentes de programas:

A. Programa de Termalismo Saudable.

A.1 **Estancias balnearias:** estas subvencións financiarán estancias dos beneficiarios

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

nos establecementos balnearios da provincia de Ourense de 6 días de duración (5 noites) de luns a sábado (en réxime de habitación dobre compartida, sen prexuízo do previsto na base cuarta, apartado 3, pensión completa con bebida, dez técnicas balnearias, revisión médica dos beneficiarios á súa chegada e programa de animación social).

A. 2 Tratamentos balnearios (sen estancia no establecemento). Financiaranse o uso de técnicas balnearias (vinte técnicas balnearias en quendas de dez días consecutivos) e a realización dunha revisión médica do beneficiario no primeiro día da súa chegada ao establecemento.

B. Programa de Cultura Termal: estas subvencións financiarán estancias de fin de semana dos beneficiarios nos establecementos balnearios da provincia de Ourense, de 2 días de duración (1 noite) de sábado a domingo, incluíndose pensión completa para os adultos, técnicas balnearias para os adultos, estancia e programa de ocio para nenos/as acompañantes menores de 12 anos de idade, cun máximo dun menor por solicitante, de ser o caso.

3. As subvencións reguladas na presente convocatoria cinguen o seu obxecto aos servizos sinalados na presente base, entendéndose excluído calquera outro servizo adicional que poida ser prestado polos establecementos aos beneficiarios. En todo caso, este tipo de servizos adicionais só poderán ser prestados co consentimento dos afectados, sen que de ningunha maneira se lles poida impoñer aos beneficiarios a súa recepción.

Igualmente, quedan excluídos os servizos de transporte aos establecementos, polo que as persoas participantes realizarán o desprazamento de ida aos establecementos balnearios e de regreso aos seus domicilios polo seus propios medios.

4. Sen prexuízo da subvención da Deputación, os servizos de estancia e tratamento balneario seranlles prestados polos establecementos aos usuarios co carácter de servizos privados, prestados conforme ás condicións contractuais que rexen para este tipo de servizos conforme á normativa turística, civil e mercantil aplicable. A Deputación Provincial en ningún caso será parte na relación contractual entre os beneficiarios e os establecementos.

5. Os establecementos balnearios onde se realizarán as estancias e tratamentos subvencionados son os seguintes:

- Balneario –Hotel Baños de Molgas.
- Gran Balneario do Carballiño.
- Balneario Arnoia Caldaria

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

- Balneario Laias Caldaria
- Balneario Lobios Caldaria.

Os titulares dos ditos establecementos terán a consideración de entidades colaboradoras da Deputación, ao abeiro do establecido no artigo 12 da Lei xeral de subvencións, concretándose os seus dereitos e obrigas mediante convenio de colaboración que se subscribirá pola Presidencia no marco do establecido nestas bases. Entre outros aspectos, o convenio regulará as obrigas de xustificación das subvencións polos establecementos, as obrigas de publicitar a participación da Deputación no financiamento dos servizos prestados, así como tamén o sistema para que, durante o período previsto de solicitudes de subvención, poida establecerse, dentro do orzamento global, unha redistribución das contías económicas asignadas ás dúas liñas de subvención previstas nestas bases.

O incumprimento polas entidades colaboradoras das obrigas reguladas no convenio e nestas bases poderá dar lugar ao exercicio da potestade sancionadora por parte da Deputación, así como á exclusión da súa participación en convocatorias futuras deste tipo de subvencións.

6. Poderán ser beneficiarios/as das subvencións reguladas nestas bases as persoas físicas que reúnan os requisitos que se solicitan para cada un dos programas, segundo se expresa a continuación:

A. Programa de Termalismo Saudable.

a) Ter cumpridos, cando menos, cincuenta anos de idade na data da formulación da solicitude.

b) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.

c) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.

Tamén poderán ser beneficiarios da subvención, como acompañantes, as persoas que, aínda que non reúnan as condicións esixidas para ser solicitantes, desexen aloxarse nos establecementos balnearios e/ou recibir os tratamentos como acompañantes dunha persoa que reúna os requisitos sinalados nos apartados a), b), c) anteriores. Neste caso, a súa participación terá que ser pedida de forma conxunta cun solicitante que cumpra os ditos requisitos e realizarse de forma simultánea.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

B. Programa de Cultura Termal:

a) Ter cumpridos, cando menos, 18 anos de idade.

b) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.

d) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria

Tamén poderán ser beneficiarios da subvención, como acompañante(s), as persoas que desexen aloxarse nos establecementos balnearios e recibir os tratamentos como acompañante dun/dunha solicitante así como os menores de 12 anos, cun máximo de 1 por solicitante, que se aloxen co(s) solicitante e o seu acompañante na mesma habitación. Neste caso, a súa participación terá que ser pedida de forma conxunta coa da persoa que reúna os requisitos para ser considerado solicitante.

7. O tipo de tratamento que se oferta dependerá do balneario seleccionado, podendo ser modificado en función da revisión médica dos beneficiarios realizada á súa chegada ao establecemento.

Os prezos dos servizos de cada establecemento figuran na táboa anexa I das presentes bases.

A información detallada sobre as características dos establecementos e dos tratamentos ofertados estará dispoñible para consulta dos interesados, durante o prazo de formulación de solicitudes, na dirección electrónica seguinte: <http://termalismo.depourense.es>.

8. En todos os casos a realización das estancias ou recepción dos tratamentos subvencionados terá lugar entre o 15 de abril e o 30 de novembro de 2014.

As quendas para a realización dos diferentes programas serán elixidas polos solicitantes no momento de cubrir telematicamente a súa solicitude. As quendas iniciaranse desde as doce horas do luns, día de chegada, ata as doce horas do sábado, día da saída no caso de Programa de Termalismo Saudable (estancias balnearias) e desde as doce horas do sábado, día de chegada, ata as 16:00 horas do domingo día de saída no Programa de Cultura Termal (estancias fin de semana).

Os beneficiarios e os establecementos poderán modificar, mediante acordo escrito no que conste o consentimento expreso dos afectados, tanto a data concreta de prestación dos servizos como o establecemento onde terá lugar a prestación.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

9. Os interesados unicamente poderán solicitar a concesión da subvención para un dos programas e subprogramas previstos no apartado 2. En consecuencia, non se admitirá a formulación de solicitudes para máis dun programa ou subprograma.

Segunda. Orzamento inicial para cada unha das liñas de subvencións reguladas nas bases de convocatoria.

1. O orzamento inicialmente previsto para cada unha das liñas de subvención reguladas nestas bases é o seguinte:

A. Programa de termalismo saudable:

A.1 Programa de estancias balnearias: 46.150 euros

A.2. Programa de tratamentos termais: 6.000 euros

B. Programa de cultura termal: 17.850 euros

2. Periodicamente a Área de Benestar da Deputación de Ourense e os establecementos balnearios participantes avaliarán o desenvolvemento do programa. Como consecuencia da dita avaliación, a Presidencia poderá modificar, segundo se estableza no convenio de colaboración cos establecementos, o orzamento previsto para cada un dos programas e subprogramas ofertados, sen que estas modificacións poidan variar o orzamento global.

Terceira.- Disponibilidade orzamentaria. Contía das subvencións e prezos dos servizos.

1. Para o financiamento das subvencións obxecto da convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 20700/31331 dos orzamentos da Deputación Provincial, ata un máximo de 70.000 euros.

As subvencións enmárcanse na liña c.5 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Ourense e do INORDE para o exercicio 2014 (BOP n.º 31, do 7 de febreiro de 2014), dentro da acción III do Plan de acción contemplado no apartado 5º 2.

2. As subvencións terán os importes seguintes:

- a) 55 euros por praza Programa de Termalismo Saudable (estancia balnearia) se o solicitante está empadroadado nalgún municipio da provincia de Ourense.
- b) 15 euros por praza na modalidade de Programa de Termalismo Saudable (estancia balnearia) se o solicitante non está empadroadado nalgún municipio da provincia de Ourense.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

- c) 30 euros por praza do Programa Termalismo Saudable (tratamento balneario) se o solicitante está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense.
- d) 30 euros por praza na modalidade de Programa de Termalismo Saudable (tratamento balneario) se o solicitante non está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense.
- e) 10 euros por cada praza de maiores de idade no Programa de Cultura Balnearia (estancia de fin de semana) se o solicitante está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense. A estancia dun menor de 12 anos, no mesmo réxime que os maiores de idade aos que acompañe, terá un custe de 10 euros e unha subvención de 10 euros.
- f) 5 euros por cada praza de maiores de idade no Programa de Cultura Balnearia (estancia de fin de semana) se o solicitante non está empadroado nalgún municipio da provincia de Ourense. A estancia dun menor de 12 anos, no mesmo réxime que os maiores de idade aos que acompañe, terá un custe de 10 euros e unha subvención de 10 euros.

3. As subvencións aplicaranse aos prezos dos servizos ofertados polos establecementos para os beneficiarios das subvencións. Os ditos prezos son os seguintes:

- Balneario –Hotel Baños de Molgas:
 - 220 euros no Programa Termalismo Saudable. Estancia balnearia en habitación dobre compartida.
 - 150 euros por Programa de Termalismo Saudable. Tratamento balneario sen estancia.
 - Non se oferta Programa de Cultura Termal. Estancias fin de semana.
- Gran Balneario do Carballiño:
 - 220 euros no Programa Termalismo Saudable. Estancia balnearia en habitación dobre compartida.
 - 150 euros por Programa de Termalismo Saudable. Tratamento balneario sen estancia.
 - Non se oferta o Programa de Cultura Termal. Estancias fin de semana.
- Balneario Arnoia Caldaria:
 - 240 euros por Programa de Termalismo Saudable. Estancia balnearia en habitación dobre compartida.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014

- 79 euros por Programa de Cultura Termal. Estancias fin de semana en habitación de uso individual. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.
- 67 euros por Programa de Cultura Termal. Estancias fin de semana en habitación dobre de uso compartido. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.
- Non se ofertan tratamentos sen estancia.
- Balneario Laias Caldaria:
 - 250 euros por Programa de Termalismo Saudable. Estancia balnearia en habitación dobre compartida.
 - 79 euros por Programa de Cultura Termal. Estancias fin de semana en habitación de uso individual. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.
 - 67 euros por Programa de Cultura Termal. Estancias fin de semana en habitación dobre de uso compartido. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.
 - Non se ofertan tratamentos sen estancia.
- Balneario Lobios Caldaria:
 - 250 euros por Programa de Termalismo Saudable. Estancia balnearia en habitación dobre compartida.
 - 79 euros por Programa de Cultura Termal. Estancias fin de semana en habitación de uso individual. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.
 - 67 euros por Programa de Cultura Termal. Estancias fin de semana en habitación dobre de uso compartido. A estancia e servizos previstos para os menores de 12 anos, ata un por solicitante, terán un custe engadido de 10 euros.
 - Non se ofertan tratamentos sen estancia.

Os prezos sinalados son prezos finais, incluíndo o IVE actualmente vixente. Non

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

obstante o anterior, se no momento da facturación dos servizos correspondentes se modificase o IVE aplicable, o aumento ou redución do imposto repercutirase no beneficiario, incrementando ou reducindo a contía para pagar na cantidade que proceda.

Os prezos sinalados son pechados para todos os servizos incluídos en cada praza, sen que exista a posibilidade de efectuar dedución ningunha se por calquera causa a persoa participante non emprega todos ou algúns dos servizos ofertados.

4. A subvención da Deputación libraráselles directamente aos establecementos termais colaboradores, tras a presentación previa ante a Deputación da xustificación conforme co establecido no convenio de colaboración cos establecementos balnearios.

Cuarta.- Forma de pago dos servizos subvencionados por parte dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios aboarán o prezo das prazas da forma seguinte:

Na solicitude de subvención o solicitante deberá cubrir un número de conta bancaria ou tarxeta de crédito, segundo o programa, e unha autorización para que, tras a concesión, de ser o caso, da subvención solicitada, de forma automática o establecemento balneario para o que faga a solicitude, poida establecer unha retención en garantía do pago nos seguintes termos:

Programa de Termalismo Saudable: 50 € , en concepto de reserva de praza.

Programa de Cultural Termal: o 100% do prezo do programa pedido polo solicitante.

A cantidade restante ata completar o custo total da praza (só nos casos de subvencións para o Programa de Termalismo Saudable) aboaráselles directamente aos establecementos balnearios no momento da chegada a eles, facéndoselles entrega da factura correspondente, se así o solicitan.

2. En caso de que o solicitante decida renunciar á praza adxudicada, poderá facelo e terá dereito a que se lle libere a retención en garantía establecida sobre a súa conta bancaria ou tarxeta de crédito, que a renuncia se faga con 10 días naturais de antelación á data de inicio do programa subvencionado e, entre a data da solicitude e a elixida para o inicio da estancia ou tratamento medien, cando menos, 20 días naturais.

A renuncia tramitarase a través da plataforma informática.

3. Os usuarios poderán solicitar unha habitación individual, así como calquera outro servizo adicional ofertado polo establecemento. Estes servizos non serán obxecto de subvención, e serán aboados exclusivamente polo usuario que os solicite.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

Quinta. Solicitudes. Prazo, modo e lugar de presentación e documentación esixible.

1. As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e ata esgotar o crédito orzamentario, e, en todo caso, ata o día 15 de novembro de 2014.

2. As solicitudes deberanse tramitar telematicamente, a través da dirección electrónica <http://termalismo.depourense.es>, rexistrándose no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense. O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao abeiro do establecido no artigo 27.6 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, por estar plenamente garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos conforme co establecido no parágrafo seguinte, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios.

3. O rexistro da solicitude telemática poderá levarse a cabo por calquera dos seguintes modos:

a) Polo propio solicitante, ou o seu representante, en ambos casos empregando o DNI electrónico da persoa que formula a solicitude.

b) Por funcionarios da Área de Benestar da Deputación, autorizados polo solicitante para realizar a solicitude no seu nome, ao abeiro do establecido no artigo 4.4 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos provinciais.

4. Na solicitude, que deberá cubrirse no modelo normalizado que se estableza, o solicitante realizará directamente a reserva para o programa nas datas que desexe. Este proceso tramitarase en liña a través da plataforma informática.

Na solicitude, o solicitante indicará obrigatoriamente un número de conta corrente autorizando para que, en caso de que se lle conceda a subvención pedida, o establecemento balneario para o que solicita subvención, realice unha retención en garantía do pago polo importe expresado na base cuarta apartado 1. Igualmente a plataforma informática requirirá automaticamente a emenda das deficiencias consistentes na ausencia da documentación anexa prevista neste apartado, de xeito tal que o proceso de presentación da solicitude non poderá completarse ata que a dita deficiencia sexa emendada.

Opcionalmente, na solicitude, o interesado poderá autorizar á Deputación para enviarlle a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación da publicación do acordo

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

de resolución do concurso. No caso de non incluírse esta autorización na solicitude, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa ao acordo de resolución do concurso, publicándose a información correspondente exclusivamente a través da dirección electrónica <http://termalismo.deporuense.es>, conforme co sinalado na base.

5. Coa solicitude deberá achegarse autorización para que a Deputación de Ourense comprobe os DD.NN.II do solicitante e, de ser o caso, do acompañante, así como os datos da súa inscrición no padrón, caso de declarar estar empadroadado nalgún municipio da provincia de Ourense.

Mediante esta autorización, que se cubrirá na propia solicitude telemática, e baseándose no acordo de prestación de servizos de administración electrónica subscrito entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Deputación de Ourense, a administración provincial procederá á verificación e consulta de datos a través da plataforma de intermediación de datos, desenvolvida para facilitar o cumprimento do artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

6. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lles prestará a asistencia precisa aos interesados, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

Sexta.- Xestión de solicitudes e concesión de subvencións

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas, concedéndose automaticamente as subvencións conforme co sinalado nesta base, en función da dispoñibilidade de prazas existentes en cada momento, determinada polo crédito orzamentario dispoñible.

As subvencións adxudicaranse, seguindo a orde de prelación establecida pola data e hora de presentación da solicitude beneficiaria da subvención. Este código data/hora será xerado de forma automática pola plataforma informática por cada solicitude que se presente.

A información sobre o número de prazas dispoñibles en cada momento será pública e accesible de xeito permanente a través da plataforma informática.

A xestión electrónica das solicitudes realizarase cada venres (semanalmente) e referirase a todas as solicitudes presentadas entre 00.01horas do venres anterior ao da

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

valoración ata as 23:59 horas do xoves previo ao venres de valoración. O sistema determinará a cualificación como “conforme” ou “excluída”, en atención a que cumpran cos requisitos de acceso esixible para cada Programa ou non, e da existencia de crédito orzamentario dispoñible.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión nesa semana, quedando automaticamente concedidas as subvencións correspondentes.

O listado non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lles prestará a asistencia precisa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Sétima.- Normativa de aplicación.

No non disposto nestas bases, será de aplicación o establecido na vixente lexislación reguladora das subvencións provinciais.

2º) Ordenar que se proceda á convocatoria das subvencións mediante a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

ANEXO

BALNEARIO	PROGRAMA	PREZO	
		Solicitante empadroadado na provincia de Ourense	Solicitante non empadroadado na provincia de Ourense
BALNEARIO ARNOIA CALDARIA	Estancia balnearia. Habitación dobre.	185 €	225 €
	Tratamento balneario	Non se oferta.	
	Fin de semana individual	69 €	74 €
	Fin de semana parella	114 €	124 €
	Fin de semana individual + 1 menor	69 €	74 €
	Fin de semana parella + 1 menor	114 €	124 €
BALNEARIO - HOTEL DE BAÑOS DE	Estancia balnearia	165 €	205 €
	Tratamento balneario	120 €	

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de marzo de 2014
--

MOLGAS			120 €
GRAN BALNEARIO O CARBALLIÑO	Estancia balnearia	165 €	205 €
	Tratamento balneario	120 €	120 €
BALNEARIO LAIAS CALDARIA	Estancia balnearia	195 €	235
	Tratamento balneario	Non se oferta.	
	Fin de semana individual	69 €	74 €
	Fin de semana parella	114 €	124 €
	Fin de semana individual + 1 menor	69 €	74 €
	Fin de semana parella + 1 menor	114 €	124 €
BALNEARIO LOBIOS CALDARIA	Estancia balnearia	195 €	235
	Tratamento balneario	Non se oferta.	
	Fin de semana individual	69 €	74 €
	Fin de semana parella	114 €	124 €
	Fin de semana individual + 1 menor	69 €	74 €
	Fin de semana parella + 1 menor	114 €	124 e

5.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non houbo.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e un de marzo do ano dous mil catorce, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,